

## KARERINA, A NEA DE XEO

Karenina naceu nun lugar moi frío, nunha aldea preto dun Xeeiro, en pleno inverno. Tanto e tanto frío ía, que naceu sendo unha nena de xeo. Tiña o corpo coma o das demais crianzas, con brazos e pernas, con mans e pés, cinco dedos en cada man e cinco dedas en cada pé. Tiña cabeza e barriga, ollos e nariz, boca e mais orellas, xeonllos e calcañares... En fin, coma unha nena de carne e óso, pero de xeo.

Ao ser de xeo era transparente. Cando as raiolas pousaban nela formábase nela no corpo, aquí e acolá, moitos arcos da vella. Se estaba contenta, resplandecía coma a aurora austral; se estaba triste, viraba en cor gris coma a chuvia de inverno.

Ocorría tamén que podía adoptar calquera forma e calquera cor. Se estaba diante dun peixe, podía ser un peixe prateado. Ou unha chama vermella de colocarse a certa distancia das fogueiras. Ou unha sinxela morea de neve branca ou o tronco dunha árbore. Así e como era, Karenina tería vivido moi feliz de non acontecerlle un serio un problema.

Era un problema realmente grave: ao ser de xeo corría o risco de derreterse coa calor. Por exemplo, ninguén podía acariñala porque, se o facían, comezada a derreterse. Ninguén lle podía dar bicos, porque a quen o fixese quedábanlle os beizos apegados ás fazulas de Karenina, como cando lambemos un xeadado e se nos apega na lingua.

Tampouco podía vivir dentro da casa. Derretíase: nunha hora chegaba a minguar varios centímetros de contorna e, de quedar todo o día ou toda a noite dentro, corría o risco de converterse toda ela nunha poza de auga no chan.

A mamá e mais o papá construíronlle un iglú diante da casa, onda a ventá da cociña, para que a nena de xeo puidese ver a familia dende fóra. Cando era aínda un bebé fixéronlle un berce de xeo, un chupete de xeo,

un andadeiro de xeo... Cando medrou, construíronlle unha cama de xeo, unha mesa, unha cadeira e xoguetes de xeo. Un veciño regaloulle unha bicicleta de xeo e unha amiga fíxolle unha pelota de neve. Pero case ninguén a visitaba no seu pequeno iglú, porque a xente de carne morría de frío. Só a mamá e o papá, con moita roupa de abrigo enriba, a visitaban pola noite no pequeno iglú e contábanlle contos.

Dos contos que lle contaban, o que máis lle gustaba era o de Marlentina.

Marlentina era dúas gatas que viviran no Xeeiro había moitos, moitísimos anos. Marlentina “era” dúas gatas, si, non me trabuquei. “Era” dúas gatas apegadas: unha chamábase Marlen e a outra Tina pero, como andaban sempre unha cabo da outra, a xente da aldea púxolles de nome Marlentina. Eran michiñas enredantas e garimosas. Durmían xuntas: abrazadas, coas pernas para arriba, coas pernas para abaixo, lombo contra lombo, cunha cabeza mirando á dereita e a outra mirando á esquerda. Malia os contos, e o pequeno iglú ser acolledor, Karenina non era demasiado feliz. Quería estar preto da xente que conversaba dentro da casa e sentar a cear coma calquera rapariga da aldea. Pero iso semellaba cousa imposible.

—E non haberá máis crianzas de xeo no mundo? —preguntaba enfurruñada—. Todo son problemas para a xente que non é de carne e óso.

No Xeeiro non había noticias de que houbera máis nenas —ou máis nenos— de xeo no planeta Terra. Era unha situación certamente complicada porque, por moito que quixesen axudala, ninguén sabía como facelo.

—Ten paciencia, Karenina —animábana.

Tamén lle dicían algo que a ela a enfadaba moito:

—Terás que afacerte a vivir así...

Karenina anoxábase porque quería ir ao colexio, pescar troitas e salmóns no río, xogar ás agachadas, deitarse ao sol... Non se resignaba a vivir para sempre no Xeeiro. Dedicaba todo o día a buscar solucións, pero tampouco a ela se lle ocorría solución ningunha.

No inverno non tiña moito problema porque ía tanto, tanto frío que era imposible derreter. Coa chegada da primavera, subía a temperatura e debía refuxiarse entre os xeos máis afastados do Xeeiro ata o inverno. No inverno, cando xa ía moito frío, volvía á aldea. A primavera era fermosa porque as árbores revivían e enchíanse de follas e de paxaros alegres que cantaban todo o día. Os ríos desconxelábanse e os peixes saltaban fóra da auga, brillantes como xoias de prata e cristais de cores. Tamén nacían os amorodos, tan vermellos e zumentos que metían cobiza.

Pero Karenina tampouco podía comer. En realidade, nunca tiña fame nin sede, e era unha sorte non ter fame nin sede porque sería moi perigoso para ela comer ou beber. Só podía papar xeados. Se enviaba comida quente derretería por dentro. Tiña mans e tiña cabeza e pernas e barriga, pero non tiña estómago, nin tripas, nin corazón, nin músculos, nin nervios sequera. Nin tampouco tiña lingua ou dentes.

Aínda así, cando unha primavera viu os deliciosos amorodos nun invernadoiro da aldea, apeteceulle tanto comelos que non puido resistirse. Arrincou un, meteuno na boca e tragouno. Entón, o pequeno amorodo quedoulle conxelado dentro do corpo, á altura do corazón. Dende aquela Karenina, a nena de xeo, luciu no peito un fermoso corazón vermello con forma de amorodo.

Karenina permanecía soa no Xeeiro deica finais do outono, cando os paxaros voaban cara a lugares máis cálidos e as árbores dos bosques comezaban a tremer de frío. No Xeeiro, que acumulaba xeo de millóns de anos, Karenina enredaba tallando esculturas, explorando as fendas de cores e mais os labirintos que atravesaban aquel mundo branco e xélido. Asomábase tamén aos pozos que eran dunha cor azul escurísima, case

negra. Eses pozos poñíanlle medo e camiñaba onda eles con moitísimo coidado.

—Ata onde chegarán? —preguntábase—. Ao mellor chegan ao outro lado da Terra.

Ás veces, con anoraks de plumas e bufandas de lá, ían vela a mamá e o papá e as crianzas da aldea. Non lles resultaba doado atopar a Karenina porque, como era transparente, só podían vela grazas ao amorodo vermello que lle facía de corazón. Ou tamén se a luz lle rebotaba no corpo, porque entón a nena de xeo transformábase en moitos arcos da vella. Era a nena máis fermosa do mundo convertida en arco iris e bailando sobre o Xeeiro azul turquesa!

Naquel tempo, había no ceo unha cidade habitada por xente que botaba os días e as noites explorando o interior da Terra. Era a Cidade das Nubes. Os habitantes tiñan unha lupa inmensa que utilizaban para atopar, por exemplo, as agullas perdidas nos palleiros; as lentellas que as crianzas odiaban e agochaban en lugares pouco apropiados coma os petos dos gabáns. A xente da Cidade das Nubes tamén se dedicaba a buscar, por encarga, cousas perdidas: unha vez unha muller chamou á cidade porque perdera un anel e localizáñrollo dentro do papo dunha galiña.

—E como podo sacalo de aí? —preguntou a muller.

—Fai un caldo de galiña con verduras de tempada —respondéronlle. Así o fixo e atopou o anel no papo, tal e como lle dixeran que acontecería.

As persoas que habitaban a Cidade das Nubes tamén procuraban nas fonduras do planeta cousas que a xente da Terra buscaban na fondura celeste. Os habitantes da Terra procuraban con telescopios estrelas que nacían e estrelas que morrían. A xente das Nubes procuraba restos soterrados de estrelas que naceran e restos de estrelas que morreran. Ás veces atopaban accidentalmente fósiles de xirasoís de millóns de anos ou

a momia dun cabalo anano de cor amarela ou o esqueleto dun insecto xigante da época dos dinosauros. A xente das nubes, coa grande lupa, tamén buscaba petróleo ou cobre, ou ouro ou simplemente oasis nos desertos. Buscando, buscando, por encarga ou por investigar, acabaron dando cunha especie de bolboreta coas ás abertas, que ficaba atrapada no fondo do Xeeiro. Era unha bolboreta ben rara, demasiado grande comparada con calquera outra coñecida ata o momento. Por iso decidiron baixar á Terra, desxear a bolboreta e investigala.

Un día de verán aterrou unha nave cargada de persoas e un amasillo de pezas que, unha vez unidas, formaron un enorme picaxeos. A nena de xeo, destemida e curiosa, comezou a roldar polo campamento da xente que viña estudar a bolboreta. Non tardou en coller confianza e en contarlles que vivía no Xeeiro porque derretía coa calor.

—O malo é que non podo ir á escola, nin pescar, nin xogar — queixouse Karenina.

—Gustaríame axudarte —ofreceuse unha muller científica—. Teño unha idea!

Certa mañá, a muller científica apareceu no Xeeiro con catro cristais moi grandes, unha morea de cables e moitas ferramentas. En poucos días construíu unha neveira con catro rodas que lle permitiría a Karenina desprazarse como se fose nun coche. Feliz, a nena de xeo sentou dentro, conduciu deica a aldea e saudou a toda a veciñanza sen medo a converterse en auga.

—Agora xa podes entrar na casa cando queiras —dixéronlle a mamá e mais o papá.

—Tamén podo percorrer toda a Terra —respondeulles Karenina soñando en viaxar mesmo polos desertos máis calorosos.

—Cando sexas máis vella poderás facelo —coutárona a nai e o pai.

—E percorrerei todos os ríos do mundo! —á rapariga gustábanlle moito os ríos e desexaba navegalos todos.

Pero aquel desexo aínda ficaba lonxe, porque a neveira non parecía preparada para tan longos percorridos. Con todo, algo era algo e polo menos xa non tiña que quedar soa no xeo, xa non tiña que durmir soa no iglú.

Mentres Karenina gozaba do pequeno coche-neveira, a xente da Cidade das Nubes tradeaba o Xeeiro na procura da estraña bolboreta. Cando conseguiron dar con ela e desenterrala, toda a aldea correu a vela. Era unha bolboreta realmente estraña: tiña dúas cabezas, dous rabos, oito pernas e dous corpos cos lombos apegados un no outro. Ninguén sabería dicir que clase de bicho era aquel, porque realmente non semellaba para nada unha bolboreta. Entón Karenina deu chimpos berrando de alegría:

—Marlentina! A bolboreta é Marlentina! Atoparon a Marlentina!

Un home grande, cun abrigo de pel de foca, achegouse á xente da Cidade das Nubes que miraba pampa o animal. Si, semellaba unha bolboreta pero non había dúbida de que cada á era unha gata. Unha gata miraba cara á esquerda e a outra miraba cara á dereita. Nas cabezas abríanselle uns ollos brillantes que observaban, un pouco asustados, á xente que se movía arredor.

—E logo, que é Marlentina? —preguntou a científica que construíra a neveira.

—Ah! Sonlle dúas gatas de xeo coma esta rapariga —respondeu o home grande sinalando a Karenina—. Hai anos que desapareceron. As coitadas puxéronse a furar no chan. Un día tradeaban un pouco, ao seguinte un pouquiño máis ata que acabaron perdéndose no fondo do buraco que elas mesmas escavaran.

A ninguén da Cidade das Nubes lle estrañaba xa que Marlentina fosen dúas gatas de xeo, igual que non sen sorprendían da existencia de Karenina: os invernos eran tan fríos que mesmo o vento se conxelaba e penduraba do aire, como lle acontecía á roupa nos tendais e ás follas nas

árbores. Estrañábanlles, iso si, as curiosas cores de Marlentina: Marlen era de cor castaño claro e Tina era alaranxada con manchas brancas.

—Bah! É que un día a Marlen bebeu unha cunca de café con leite e Tina papou un prato de crema con merengue —explicoulles o vello do abrigo de foca.

Karenina estouraba de alegría pola aparición de Marlentina. Como eran tamén de xeo podería acariñalas. Vivirían no coche-neveira e irían onde lles petase. Xa non tiña que ficar soa no Xeeiro, xa non tiña que durmir soa no iglú.

E transcorreu o verán.

Ao chegar o outono, cando as persoas da Cidade das Nubes decidiron marchar, buscaron a Marlentina e atopárona con Karenina, as dúas na cociña da casa da mamá e do papá. Que ben estaban resgardadas no coche-neveira, mirando o lume e escoitando as conversas da xente! Cando a muller científica levou con ela a Marlentina, a nena de xeo enfadouse.

—Non te enfurruñes, Karenina. Poderás ir vela cando queiras —díxolle a científica.

—E como hei chegar tan arriba? Non sei voar! —protestou Karenina.

—Ven. Acompáname ata o Xeeiro.

—Construíches un avión de xeo, non si?

—Nooooon... É algo moito máis divertido!

Karenina acompañou a muller. No xeo había unha rolla enorme. A científica turrou da rolla e brotou un chafariz. O chorro de auga fíxose cada vez máis forte e máis alto. Ela non tiña nin idea de que dentro do Xeeiro había auga de verdade, auga líquida coma a dos ríos e os mares e as lagoas... A muller colocou a neveira, con Karenina dentro, enriba do chorro e, daquela, a nena de xeo subiu e subiu. Subiu ata chegar á Cidade das Nubes, a onde ían levar a Marlentina.

—Que ben! Podo voar coma un paxaro! —berrou de alegría.

Karenina era tan feliz que o seu corazón de amorodo latexoulle como se fose un corazón de verdade.

Anxos Sumai